

I CONGRESO INTERNACIONAL DE NOVOS INVESTIGADORES EN ESTUDOS
LITERARIOS E CULTURAI

(Vigo, 10-12 febreiro de 2016)

A corporalidade no *L'Espurgatoire Seint Patriz* de María de Francia

María de Francia (s. XII) é a primeira muller, tralas *trobairitz*, en escribir nunha lingua distinta do latín. A súa obra recolle tipoloxías diversas da narrativa breve, que se condensan nas tres composicións que lle foron tradicionalmente atribuídas: as *Fables*, os *Lais* e *L'Espurgatoire Seint Patriz*. Esta última é unha tradución a francés anglo-normando, conservada nun único manuscrito, dunha obra latina homónima na que se narra o periplo do cabaleiro Owein polas estancias do Purgatorio e o Paraíso. Mais, malia que se trate dunha translación a romance, moi fiel nalgunhas pasaxes e algo libre noutras, o *L'Espurgatoire* vai dar mostras dun significativo distanciamento ao respecto da tradición anterior, latina e vernácula, das visións do outro mundo, que alcanzará e posibilitará, na súa medida, a *Commedia* de Dante.

Isto débese a varios motivos. En primeira instancia, María de Francia é a primeira muller da Romanía medieval, así como da tradición haxiográfica da literatura de visións, da que teñamos constancia trala actividade lírica das *trobairitz*. Por este motivo, non podemos esquecer o feito diferencial que supuxo a súa escritura feminina na Idade Media, que nun ambiente misóxino e machista, logrou consagrar a súa intelixencia nas letras. Por outra banda, o *L'Espurgatoire*, reproducindo neste punto a tradición irlandesa de relatos mitolóxico-teolóxicos sobre o *Lough Derg*, vai incorporar na trama narrativa un dos elementos mais estraños da tradición de visións: o corpo, a corporalidade, que, nesta composición, permite ao seu protagonista acceder a un mundo reservado en exclusiva á natureza espiritual do ser humano. Finalmente, porque, segundo ten indicado o importante historiador das mentalidades Jacques Le Goff, esta obra é unha das primeiras manifestacións do nacemento dun terceiro espazo de purgación, reflexo para el da tripartición que impuxo a maduración da sociedade feudal.

Ao noso modo de entender, ademais do anterior, unha das máis importantes novidades que presenta o *L'Espurgatoire* de María de Francia, que o distanciará en grande medida das narracións precedentes e posibilitará deste xeito novas prácticas escriturarias, é a de ser unha das primeiras mostras literarias que racha co sistema espiritual da literatura de visións anterior, dando lugar a un novo modo de comprender os conceptos de *corpo* e *alma* que se complementarán substancialmente coa escolástica do século XIII. Noutras palabras, no noso estudo propoñémonos examinar o marco espacial e funcional do Purgatorio nesta obra de María de Francia, a partir de dúas coordenadas básicas que, segundo cremos, non foron suficientemente esclarecidas: por unha banda, o dualismo metafísico que se serve da corporalidade como nexos de unión entre dous mundos, e que evita, polo tanto, todos os procedementos catárticos da alma, así como os da “morte aparente”, dando prioridade a novas prácticas rituais que, como se observa tan claramente no *L'Espurgatoire*, erixen á Igrexa como o Órgano xestor do Outro Mundo; por outra, a espacialización á que se somete o Purgatorio na tradución de María, ao que denomina *cest país* (v. 732). O resultado desta pesquisa poderá tratar de dilucidar entre dúas teses

opostas: a opinión de P. de Wilde (2000), segundo a cal esta obra non pertence á tradición visionaria, por ter incluído ao corpo, e a de C. Carozzi (1994), herdada de Thomas Wright (1844), que defende a posición contraria. Cremos que o elemento espacial e corporal do Purgatorio de María de Francia é a chave que sustenta todas as innovacións da tradición anterior, á vez que soporta as que terían por vir.